



A XANELA SEMANAL

Hoja parroquial de la Unidad Pastoral de Carballo



A páxina de D. Xosé Pumar

A Familia

Célula fundamental da sociedade e tamén da Igrexa. Moitos valores poden manterse cunha familia unida, cristiá.

Por iso mesmo, é a familia o branco de tantos ataques, querencias, extrañas interpretacións.

Na Igrexa falamos preferentemente da familia que nace no sacramento do matrimonio, bautiza ós seus fillos, educaos cristianamente.

Cando falamos da petición de Formación Religiosa Católica nos colexios, recorremos ás familias. Que sexan consecuentes cos seus principios.

Cando a Igrexa sente a perentoria necesidade de vocacións sacerdotais, pensamos na familia coma un pre-seminario, ou, como di o Concilio Vaticano II, na familia *igreja doméstica*. Na visita da imaxe de Nosa Señora de Fátima había como obxectivo principal a recepción polas familias, a bendición das mesmas invocando a protección maternal de María.

Na celebración tradicional da Semana da Familia en Carballo, volvemos a insistir no valor e función evanxelizadora da familia.

Nos Cursiños Prematrimoniais fórmase ós noivos na responsabilidade de educadores cristiáns, ademais dos deberes mutuos de amor e unidade, que son clave para unha familia fundamento da sociedade.

Agora ben. Se a familia perde a sensibilidade cristiá, se se deteriora nos múltiples valores que se viven no fogar, o dano é para fillos, pais; para a Igrexa e para a sociedade.

Nas familias de Bergantiños naceron vocacións relixiosas, misioneiras e sacerdotais. De tanto ben, aínda hoxe quedan expoñentes exemplarizantes.

Xosé Pumar



XXXII SEMANA DA FAMILIA



**PARROQUIA SAN XOÁN BAUTISTA
DE CARBALLO**

Teléfono / Fax: 981 756 726
Página web: www.parroquiacarballo.com

Organiza

Asociación Parroquial
de Pais Católicos
San Xoán Bautista

Entidade colaboradora



DO 27 DE ABRIL AO 5 DE MAIO DE 2019

PROGRAMA DE ACTOS

Coa visita da imaxe peregrina de N^a S^a de Fátima desde o 22 ao 31 de Marzo, as celebracións, as predicacións do P. Fabio e a Eucaristía que celebrou o Sr. Arzobispo D. Julián Barrio, tivemos a primeira parte da XXXII Semana de Familia.

Xa tivemos o venres día 29 a procesión Das Antorchas e o sábado 30 a Misa dos enfermos.

Completamos a Semana co seguinte Programa:

SABADO 27 DE ABRIL

Cursiño de preparación ao Sacramento do Matrimonio, impartido polos matrimonios da Comunidade de Caná.

DOMINGO 28 DE ABRIL

12,30: Misa comezo Semana da Familia. Catequese cos nenos: "Xesús ensinanos a vivir en familia"

LUNS 29 DE ABRIL

20,30: Charla para Pais e confirmandos: "O uso responsable de Internet e das novas tecnoloxías", a cargo de Manuel Angel Garcia Gomez, da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

MARTES 30 DE ABRIL

20,30: Mesa redonda cos candidatos a Alcaldía con representación municipal para presentar o programa de familia, infancia e Xuventude. Modera Santiago Garrido

MÉRCORES DÍA 1 DE MAIO

12,30: Celebración da Primeira Comunión de 25 nenos

XOVES 2 DE MAIO

20,30: "Na familia e na túa parroquia podes facer moito" (Charla para Pais, padriños e confirmandos)

VENRES 3 DE MAIO

21,00: 20,30: Celebración do Sacramento da Penitencia pais e confirmandos e padriños.

SÁBADO 4 DE MAIO

20,00: Celebración do sacramento da Confirmación.

E CELEBRACIÓNS

DOMINGO 5 DE MAIO

12,30 Misa homenaxe ás nais.

Nais, traede aos vosos fillos e netos. Fillos, invítade as vosas nais para que María-Nai vos bendiga a todos.

Poñamos as familias baixo a protección maternal de María

Durante toda a semana:

Na Capela da Milagrosa:

18,30 hs: Rezo do Rosario pedindo polas familias

19,00 hs: Misa da familia

Na Capela da Monxas:

19,00 hs: Rezo do Rosario pedindo polas familias

19,30 hs: Misa da familia

Na Igrexa Parroquial:

19,30 hs: Rezo do Rosario pedindo polas familias

20,00 hs: Misa da familia



COMUÑÓN AOS ENFERMOS E BENDIÇÃO DAS CASAS

Rogamos e agradecemos as familias que avisen na Parroquia para levar a Comuñón aos enfermos ou maiores que non saen da casa.

Así como as familias que queiran que se bendiga ao seu fogar.



Oración á Sagrada Familia coa que o Papa remata a exhortación Amoris laetitia sobre a familia

Jesús, María y José, en vosotros contemplamos el esplendor del verdadero amor, a vosotros, confiados, nos dirigimos.

Santa Familia de Nazaret, haz también de nuestras familias lugar de comunión y cenáculo de oración, auténticas escuelas del Evangelio y pequeñas iglesias domésticas.

Santa Familia de Nazaret, que nunca más haya en las familias episodios de violencia, de cerrazón y división; que quien haya sido herido o escandalizado sea pronto consolado y curado.

Santa Familia de Nazaret, haz tomar conciencia a todos del carácter sagrado e inviolable de la familia, de su belleza en el proyecto de Dios. Jesús, María y José, escuchad, acoged nuestra súplica.

Amén.